

## Referencia cohesiva no discurso narrativo na vellez

Arturo X. Pereiro Rozas & Onésimo Juncos Rabadán  
*Universidade de Santiago de Compostela*

### RESUMO

Investigamos a evolución dalgunhas medidas referenciais endofóricas dende a madurez temperá ata a vellez (grupos de idade: 40-50, 51-60, 61-70 e 71-91) en 80 individuos sans (metade homes metade mulleres) de niveis educativos parellos (menos de 9 anos de educación formal). As medidas cohesivas obtivéronse a partir de tres narracións cadansúa elicitada por unha lámina (composta por seis viñetas) que representaba unha historia convencional. As historias codificáronse (índice k entre codificadores > ,80) e analizáronse de acordo coa clasificación de elementos referenciais de Halliday e Hasan (1976). Realizouse unha ANOVA dun factor (idade) e o seu correspondente contraste *a posteriori* (Tukey), obténdose diferencias en tódalas variables consideradas. As diferencias indican que os anciáns (fundamentalmente a partir dos 60 anos) presentan unha menor frecuencia de uso de partículas referenciais e un descenso na claridade coa que se establece e se mantén ó longo das cadeas correferenciais. Suxerimos que o deterioro cognitivo dos anciáns pode estar detrás das súas dificultades para organizar temática e referencialmente a súa produción e incidir negativamente na cantidade e claridade das relacións referenciais que se establecen e manteñen nas súas historias

**Palabras Clave:** vellez, psicolingüística, linguaxe, cohesión, referencia

### ABSTRACT

We investigated the development of some referential measures from early adulthood to late elderly (age groups: 40-50, 51-60, 61-70 and 71-91 years) in 80 healthy subjects (half females half males) with equal academic level (less than 9 years of school). Cohesive measures were evaluated by eliciting narrative versions of three conventional picture stories, analysing the transcripts in accordance with Halliday and Hasan (1976) classification of referential ties (intercodifier K>,80). We obtained age

---

Data de aceptación: xuño de 2000.

diferences in all measures on ANOVA one-way analysis (age). Post hoc test (Tukey) showed a decrement on use and an increment of the ambiguity in reference ties as age increased from 60 decade. We suggest cognitive aging can be responsible of thematic and referential organization difficulties in elderly that break down their referential capacity to maintain quantity and quality of referential ties.

**Key Words:** Elderly, psycholinguistic, language, cohesion, reference

## 1. INTRODUCCIÓN

Enfrontarse ó discurso narrativo implica o acceso á estrutura semántica tecida a partir dos conceptos e as relacións que se perciben ou se queren transmitir a través da linguaxe, segundo se trate da comprensión ou a produción verbal, respectivamente. A estrutura de cada narración componse de conceptos e relacións concretados e contextualizados dentro dun marco conceptual específico, que se establece recorrendo ó coñecemento relacionado coa temática tratada e o contexto físico e conceptual no que se aborda (Tomlin, Forrest, Pu e Kim, 1997:68-75). A construción das representacións necesarias para comprender o discurso vén determinada pola complexa interacción de dous tipos procesos: a) “procesos abaixo-arriba”, que se centran na información sensorial ou descodificación lingüística e b) “procesos arriba-abaixo”, que activan esquemas conceptuais relacionados coa información lingüística ou contextual do discurso (actividade, temática ou contexto semántico) almacenados na memoria semántica do individuo. Os primeiros permiten activar os esquemas de coñecemento relacionados coa información procesada, os segundos permiten, a partir das expectativas, información lingüística e contextual, activar esquemas conceptuais hipotéticos e verificalos contrastando os subesquemas que conteñen coa información lingüística que, no sucesivo, se procesa (Rumelhart e Ortony, 1982; Schank e Abelson, 1977).

Johnson-Laird (1983) considera que o discurso narrativo debe respectar dous principios fundamentais: coherencia e plausibilidade. A coherencia defínese como unha propiedade discursiva que depende da presenza de expresións correferenciais e da consistencia, ou ausencia de contradicción, entre as mesmas. Ademais, o discurso debe ser plausible, isto é, debe ser interpretado no marco temporal, espacial, causal e intencionalmente apropiado.

Unha historia coherente constitúe unha modalidade discursiva que se constrúe a partir de eventos ordenados temporalmente e conectados causalmente (Ochs, 1997:189). A cohesión contribúe de xeito determinante á construción da súa coherencia temática (Johnson-Laird, 1983) e a referencia é un dos mecanismos cohesivos máis importantes do que se serven os falantes para acadala (Halliday e Hasan, 1976). Segundo Halliday e Hasan (1976:2) o feito de que o discurso funcione como unha unidade con respecto ó ambiente no que xorde é consecuencia da vinculación das distintas partes do texto por medio dos lazos cohesivos. Así, definen a cohesión como o establecemento de relacións de significado entre as distintas partes do texto, de tal xeito que a interpretación dun elemento do discurso depende

doutro, establecéndose unha relación de presuposición, no sentido de que debe ser reenchida de contido semántico polo outro elemento co que se vincula.

O concepto de plausibilidade refírese á organización do coñecemento dentro de “*scripts*” (Schank e Abelson, 1977) ou representacións mentais de calquera actividade estereotípica que contén a secuencia habitual de elementos e eventos, as relacións que os vinculan e a información contextual na que adoita ter lugar. A presenza no texto de información pertencente a un “*script*” determinado permite acceder ós contidos do mesmo de cara á interpretación axeitada dentro do marco temporal, espacial, causal e intencional correcto. Dentro dos procesos arriba-abaixo, Van Dijk e Kintsch (1983) recoñecen ademais a existencia dun tipo de estratexia específica non relacionada con coñecementos conceptuais senón con xeitos lóxicos de ordenar a información. Os suxeitos empregan este tipo de estratexias (*esquemas superestructurais*, Mandler, 1982; Rumelhart, 1975) tan pronto como captan, a partir do tipo de texto, normalmente historias, ou do contexto, que a información posúe unha estrutura esquemática convencional culturalmente dependente.

Unha elaboración coherente dunha historia é nunha procura activa de significados contextualizados que posibiliten imprimirlle un sentido real que deben compartir os interlocutores. Cómpre, polo tanto, percibir ou establecer conexións entre as distintas partes do discurso narrativo, e entre este e o coñecemento que posúe da temática tratada e o contexto no que se desenvolve, e supervisar a súa construción mental e articulatoria (Levelt, 1989; Stine, 1990; Tomlin, Forrest, Pu e Kim, 1997; Van den Broek, 1994: 539). Os procesos de produción da linguaxe implicados na construción dunha historia deben dirixirse á transmisión dunha representación conceptual que se corresponde coas intencións comunicativas que se propoña o falante. Para a construción desta representación débense organizar os significados que se pretenden transmitir; construír os marcos oracionais nos que progresivamente se integra a información que se quere transmitir; e realizar a selección léxica que permite a emisión verbal das producións.

As historias constitúen un tipo peculiar de discurso narrativo que se caracterizan fundamentalmente por posuír unha estrutura moi evidente e convencional. As características estruturais das historias facilitan a organización do material procesado debido (McDaniel, Blischak e Einstein, 1995; Tun, 1989): 1) ás estratexias de procesamento que as historias predispoñen a empregar (i.e., procesos de elaboración como imaxinación ou visualización); 2) á posibilidade de facer un uso máis vantaxoso do coñecemento xeral e *scripts*; 3) á sinxela e evidente estrutura causal que posúen; 4) ó elevado grao de coñecemento que culturalmente se comparte acerca da superestructura convencional que adoitan presentar; 5) ó apoio que a presenza de información emocional presta ó procesamento; 6) ó carácter sinxelo e esencial da trama argumental a partir da cal pode ser reconstruída a historia; e, 7) á sinxeleza que presenta este material para a xeración de inferencias.

Tradicionalmente os estudos evolutivos sobre a cohesión dirixíronse fundamentalmente a estudar as dificultades dos cativos na adquisición e dominio dos complexos mecanismos

cohesivos (Bamberg, 1986; García Soto, 1993; Karmiloff-Smith, 1985; Shapiro e Hudson, 1991; Warden, 1976; Zheler e Brewer, 1982). Estes estudos atoparon que a capacidade dos rapaces para establecer vínculos referenciais nas narracións incrementábase coa idade como consecuencia do seu desenvolvemento lingüístico e cognitivo. Actualmente, está a aumentar a preocupación polo que ocorre con este aspecto narrativo nas últimas etapas do ciclo vital e fórmulanse hipóteses que establecen correlacións entre un posible deterioro da capacidade narrativa na vellez cun deterioro non lingüístico senón máis ben cognitivo que afecta ás capacidades atencionais e de memoria operativa (Juncos, 1996; Juncos e Pereiro, 1998; Pereiro, no prelo).

Varios son os estudos que informan das dificultades dos anciáns para usar e establecer claramente os vínculos referenciais na comprensión e na produción do discurso narrativo ante tarefas de recordo de textos (Cohen, 1979; Light e Capps, 1986; Morrow, Altieri e Leirer, 1992; Morrow, Leirer e Altieri, 1992; Pratt, Boyes, Robins e Manchester, 1989; Ulatowska, Cannito, Hayashi e Fleming, 1985).

Cohen (1979, experimento 3) observou un incremento das dificultades dos anciáns na comprensión e no establecemento da referencia anafórica nunha tarefa de recordo de textos. Ulatowska, Cannito, Hayashi e Fleming (1985:134) apreciaron, en xente nova e anciáns, un aumento na proporción de uso de pronomes como mecanismo de establecemento de correferencia a medida que os niveis de complexidade da tarefa aumentaban. Así mesmo, comprobaron que os anciáns presentaban este incremento a niveis de complexidade da tarefa menores dos que provocaban a súa aparición na xente máis nova. Detectaron, ademais, un maior índice de ambigüidade no establecemento da referencia, maior frecuencia de nomes xenéricos e menor uso de nomes propios, que se relacionaba co aumento da idade pero non co nivel de complexidade e tipo de tarefa.

Glosser e Deser (1992) apuntaron en consonancia con Ulatowska, Cannito, Hayashi e Fleming (1985:135-6), que a cantidade e tipo de relacións referenciais diferían segundo a idade. Sen embargo, os primeiros adicionalmente consideran que a detección destas diferencias de idade na caracterización referencial depende do tipo de tarefa empregada. Glosser e Deser (1992; Glosser, 1990) observaron que algunhas tarefas provocaban, nos anciáns, un incremento significativo do número de erros no establecemento das relacións referenciais con respecto de xente máis nova. Cren que isto é debido a que, as tarefas que esixen recordo de información discursiva ou imponen restricións sobre a temática (non só de recordo, senón cando esixen construír unha historia a partir de información concreta á que teñen acceso), provocan un incremento crítico das esixencias sobre o procesamento cognitivo. Como consecuencia prodúcense erros no establecemento das relacións referenciais que non permiten ó interlocutor despegar con claridade o seu antecedente.

Pratt, Boyes, Robins e Manchester (1989) someteron a xoves e anciáns a unha tarefa na que debían recordar dúas veces unha historia presentada en versión “cómic” ou escrita. O nivel de comprensión da historia era avaliado a través de preguntas relacionadas coa mesma.

Os suxeitos debían recordar a historia por primeira vez inmediatamente despois da presentación da historia e, por segunda vez, trala primeira avaliación do seu recordo. Concluíron que: 1) os anciáns cometían máis erros referenciais e empregaban menos os nomes das personaxes, independentemente do nivel de recordo da historia que acadaran; e 2) o número de erros referenciais reducíase significativamente no segundo intento de recordo. O primeira conclusión parece indicar que as alteracións dos anciáns no establecemento da referencia non dependen da capacidade para manter temporalmente e recuperar a información transmitida polo *input* provocador. A segunda conclusión induce a pensar que unha maior elaboración e organización da información, realizadas no primeiro recordo, favorece o correcto establecemento destas relacións.

Algunhas investigacións centradas no aspecto comprensivo do discurso resaltan que a posesión dun marco conceptual no que organizar a información é básica para o establecemento exitoso das relacións referenciais (Kahn e Cordon, 1993). Así, Morrow, Leirer e Altieri (1992) concluíron que o establecemento claro da referencia cohesiva en tarefas de comprensión depende en gran medida dunha organización axeitada do discurso narrativo. Todo semella indicar que a correcta interpretación das relacións referenciais depende tanto do modelo de situación como dos procesos de establecemento local da coherencia. Ambos se inflúen reciprocamente para organizar con coherencia a información dentro dunha representación mental do discurso (Morrow, Altieri e Leirer, 1992).

Os anciáns semellan ter maiores problemas no establecemento da referencia cohesiva como consecuencia de deficiencias na organización da información. As deficiencias agrávanse cando a tarefa esixe unha retención de información que presenta inconsistencias ou contradicións e dificulta a súa organización. A causa desta imposibilidade para acceder á información referencial procesada pode provir dun mantemento deficitario da mesma ou de dificultades que afectan ó seu almacenamento organizado. O obxectivo do noso traballo é facer un estudio evolutivo sobre a capacidade lingüístico-cognitiva para establecer a referencia no discurso narrativo desde adulez ata a vellez para comprobar se o paso dos anos vai ligado a un decrecemento desta capacidade. Desta maneira poderase poñer a proba a hipótese do deterioro narrativo e buscar as súas relacións co deterioro atencional e na memoria operativa postulado por outros autores (Hasher e Zacks, 1988; Salthouse, 1991).

Analizaremos comparativamente a cantidade e calidade da cohesión referencial establecida nas historias que adultos e anciáns contan diante a representación pictórica das mesmas (6 viñetas conectadas espacial, temporal e causalmente). As principais vantaxes desta metodoloxía con respecto da empregada noutros estudos que utilizan narracións espontáneas ou recordo de historias previamente escoitadas, radica en que 1) malia impor restricións temáticas, elimina a necesidade de recordar a información e permite que o suxeito experimental con moi baixo nivel académico dispoña dun *input* provocador da produción que non ten carácter escrito (Berman e Slobin, 1994c: 41); 2) a diferenza das representacións de escenas estáticas (Obler, Au, Kugler, Melvold, Tocco e Albert, 1994; Cooper, 1990),

posibilita un estilo menos descritivo e máis narrativo, xa que se representa un desenvolvemento explícito dunha trama argumental (Ska e Joannette, 1996); e 3) proporciona un marco temático común xeral no que basear as súas produccions, facéndoas máis facilmente comparables (Berman e Slobin, 1994c: 42; Cooper, 1990).

## 2. MÉTODO

### 2.1. Suxeitos

Participaron 80 voluntarios divididos en 4 grupos de idade (Grupo 1, rango=40-50 anos media 43.75, desv. típ.: 1.6; Grupo 2, rango=51-60 anos media 55.60, desv. típ.: 3.84; Grupo 3, rango=61-70 anos media 65.00, desv. típ.: 2.75 e Grupo 4, rango=71-91 anos media 76.15; desv. típ.: 5.41), metade homes metade mulleres, que foron seleccionados entre os usuarios dun centro sanitario de asistencia primaria. No seu historial non existía evidencia de sintomatoloxía neurolóxica ou consumo de substancias que afectasen ó normal funcionamento cognitivo. Ningún padecía alteracións de mobilidade e/ou sensibilidade nas mans ou problemas sensoriais graves de audición ou visión. O seu nivel académico era semellante xa que ningún superaba o nivel de estudos primarios ou EXB (computados en anos de educación formal).

### 2.2. Material

Utilizamos tres láminas sen título como estímulo para provocar o discurso narrativo nos suxeitos. Trátase de láminas tamaño A4 que conteñen seis viñetas de 8 x 7.5 cms., cada unha. As representacións gráficas que albergan as viñetas están conectadas espaciais, temporal e causalmente, coa finalidade de representar unha historia convencional. Unha das láminas, “*The nest story*” (ver fig. 1), foi tomada do BAT (“*Bilingual Aphasia Test*”; Paradis, 1987) e as dúas restantes (“*paseo*” e “*fritura*”), de características similares, son de elaboración específica para este estudo. Todas elas fan referencia a eventos comúns e cotiás, ordenados canonicamente, que teñen lugar en contextos restrinxidos moi convencionais (un parque ou bosque para “*The nest story*” e “*paseo*”, e unha cociña para “*fritura*”). O feito de que se trate de representacións de tres escenas cotiás distintas permitirá atenuar o efecto do nivel de coñecemento acerca da temática representada no rendemento narrativo dos suxeitos (McCabe e Peterson, 1984; Adams, Labouvie-Vief, Hobart e Dorosz, 1990; Van Den Broek, 1994: 582).

Cada unha das viñetas representa eventos ou interaccións dinámicas entre seres animados a través do tempo e en contextos físicos determinados, que deben ser conectados semanticamente dentro dunha trama narrativa e expresados gramaticalmente de tal xeito que

o resultado sexa unha historia plausible e tematicamente coherente (Berman e Slobin, 1994a: 1). (Figura 1)

### 2.3. Procedemento

Tódolos individuos se someteron a un breve adestramento na composición de historias diante da súa representación gráfica coa finalidade de paliar, nalgunha medida, o efecto provocado pola posible falla de experiencia con estes materiais. Con esta intención, proporciónanselle ó suxeito seis viñetas separadas a modo de cartóns que debe ordenar correctamente sobre unha cartolina que contén recadros numerados. Ós suxeitos advírteselles que esta orde é moi importante para que adquira sentido a historia que contan eses cartóns.

Os cartóns, unha vez correctamente ordenados, fan referencia ó proceso de elaboración do viño. O feito de que non se trate propiamente dunha historia senón máis ben dun proceso, evita o posible efecto de facilitación da estrutura canónica de historias (*esquemas superestructurais*) sobre a execución posterior da tarefa narrativa. Ó tempo, os individuos poden acceder ás vinculacións espacio-temporais e causais que conectan as distintas viñetas que compoñen as láminas.

As instrucións, axustadas a niveis básicos de comprensión, mantíñanse invariables para tódolos suxeitos. As instrucións na sesión de adestramento foron as seguintes:

“Agora voulle entregar unha serie de cartonciños con debuxos. Estes debuxos, xuntos e colocados na orde correcta, contan unha historia. Míreos ben e coloque os cartóns enriba dese papel que ten cuadrículas numeradas na orde axeitada, de tal xeito que o que crea que vai de 1ª debe colocalo na casilla nº 1, a que vai de 2ª na nº 2, etc., para que a historia que contan poida ter sentido”.

O experimentador prestaba todo o apoio necesario ós suxeitos experimentais para que captasen as conexións espacio-temporais e causais que relacionan as escenas representadas nos cartóns.

Seguidamente, procedeuse coa tarefa narrativa propiamente dita. Co obxectivo de atenuar o efecto da tendencia á deixé e ó do aforro de información, provocados polo feito de compartir coñecemento visual acerca da lámina (Berman e Slobin, 1994b: 24-25), colócase unha pantalla (60 cms. de alto x 100 cms. de ancho) que separaba ó suxeito experimental do experimentador por enriba da mesa na que se levaron a cabo as tarefas. As instrucións dadas previamente foron as seguintes:

“Agora voulle ensinar unha serie de láminas con debuxos como os que acaba de ver (referido á serie de adestramento) que xa están ordenados. Cada unha destas láminas contan tamén unha historia. O que vostede ten que facer é observar detidamente, durante o tempo que




Figura 1. Lámina "The nest story" (BAT)

necesite, eses debuxos na mesma orde na que acaba de compoñer a anterior historia. A seguir, debe relatarme a historia que contan todos eses debuxos xuntos.

*Aquí teño tres moreas de láminas (sinalándolle tres moreas con trescentas láminas cada unha). En cada morea hai moitas historias distintas (en realidade, cada morea contiña láminas con un só tipo de historia, tentábase facerlle crer que o experimentador tiña poucas posibilidades de coñecer a lámina que lle tocara en sorte). Colla unha polo medio de cada morea e a que lle toque é a que ten que contarme do xeito máis completo que poida.*

*Vou poñer esta pantalla no medio para que eu non poida ver a lámina que lle tocou e me teña que contar a historia do xeito máis completo que poida”.*

A orde das láminas foi variada para cada un dos suxeitos. O experimentador non intervén, a non ser que se lle fixese algunha pregunta directa, remitíndose a reforzar socialmente o esforzo narrativo dos suxeitos experimentais.

As historias grávanse (Sony TCM-27) e máis tarde transcríbense e codifícanse a partir dunha adaptación do CHAT (*Child Language Data Exchange System*; Macwhinney, 1991). Malia ser conscientes da existencia de unidades maiores no texto (enunciado, parágrafo), tomamos partido pola división das historias a partir de oracións que denominaremos “completas” principalmente pola ausencia de claridade dos diferentes autores na delimitación destas unidades. Alarcos (1995: 256) considerou o enunciado como unha unidade mínima de comunicación determinada polo seu carácter completo, a súa concreción informativa, a súa demarcación entre silencios e o seu perfil melódico particular. Consideramos que só unha destas características pode ser operativizada no noso estudio sobre a base de criterios claros que permitan segmentar, con coherencia e fiabilidade, o discurso narrativo (lémbrese que se trata dun monólogo). Sen embargo, somos conscientes de que os compoñentes prosódicos e as pausas interoracionais inflúen no xuízo subxectivo do transcritor-codificador á hora de decidir onde comeza e onde remata unha unidade discursiva. Malia contar con este tipo de información, consideramos que a oración proporciona un marco axeitado e fiable para determinar se un segmento é completo e concreto informativamente. Tal e como postularon Halliday e Hasan (1976), o xeito máis sinxelo de concretar os límites dunha oración é considerala como unha serie de cláusulas que están práctica ou hipoteticamente relacionadas. Alarcos (1995: 256-258) considerou que a oración era un tipo particular de enunciado con compoñentes (suxeito, verbo e predicado) e relacións (predicativas) gramaticalmente identificables, e esta concreción é a que inflúe moi favorablemente á hora de acometer este labor. Segundo a opinión de Mederos (1988: 11), malia que as oracións sexan constructos teóricos moi idealizados e non sempre se correspondan con enunciados, cómpre a súa identificación para dar conta da maior parte de regularidades fonolóxicas, léxicas e semánticas da lingua.

Coa finalidade de determinar os límites da oración “completa” botamos man da gramática tradicional (Gili Gaya, 1961), así como da detección de enlaces extraoracionais que

conectan as oracións que compoñen o discurso narrativo dos individuos (Fuentes, 1996; 1987; Mederos, 1988). As oracións que compoñen as historias transcríbense en diferentes liñas en virtude do tipo de contido informativo que transmitan e a súa integración dentro da trama da historia e do contexto creado arredor da tarefa. Cada liña de transcripción estará, pois, constituída: 1) por unha oración simple; 2) por unha oración composta coordinada con nexos “e”, “nin” ou “ou”, no caso de que non haxa un cambio nos seus participantes (Halliday e Hasan, 1976: 235; Mederos, 1988: 221); ou 3) por unha composta subordinada.

**Liña A** (\*xxx): nela poderemos atopar aquelas oracións completas que transmiten o contido informativo da historia e que manteñen unha continuidade a carón do desenvolvemento da trama argumental ou descritiva da historia.

**Liña B** (%exp): nela teñen cabida os comentarios, razoamentos, reflexións, etc. que o narrador realiza sobre o contido da lámina ou aclaracións sobre o dito na historia. O contido informativo desta liña debe enriquecer o referido á liña A e estar relacionado coa historia, pero coa peculiaridade de saírse do fio argumental.

**Liña C** (%act): o contido desta liña indica que a produción é irrelevante para a tarefa narrativa. Inclúe comentarios sobre a dificultade da tarefa, expresión de dúbida acerca da idoneidade da súa execución, comentario sobre algún evento que sucede durante a narración, etc.

A continuación cada unha das 240 historias (80 suxeitos x 3 historias) foi codificada con relación ós aspectos narrativos cohesivos (segundo o modelo de Halliday e Hasan, 1976).

## 2.4. Codificación

Partindo da clasificación de vínculos cohesivos elaborada por Halliday e Hasan (1976), no noso estudio tomamos como índice a referencia (persoal, demostrativa, comparativa e inespecífica), tanto no sentido retrospectivo (anáfora) como no prospectivo (catáfora).

Só se computa a referencia endofórica (ver anexo I), ou sexa, aquela que presupón un antecedente ou consecuente introducido con anterioridade ou posterioridade no texto. Non consideraremos aquela que podería corresponderse coa deíxe textual impura de Lyons (1980:603) ou se refire ó contexto discursivo (ver exemplo seguinte).

Exemplo:

%act: esto non o entendo.

Os tipos de referencia considerados non varían substancialmente (a excepción da categoría de referencia inespecífica) dos contemplados por Halliday e Hasan (1976). Trátase dos seguintes:

a) Referencia persoal: inclúense nesta categoría tódolos pronomes persoais (formas tónicas e átonas) e pronomes e adxectivos posesivos (táboas 1 e 2) presentes no discurso, agás

os que non se lles pode atribuír antecedente ou consecuente algún e os que, por estar en 1ª e 2ª persoa, considéranse exofóricos (Lyons, 1980: 575).

Táboa 1. Pronomes persoais galegos: Formas tónicas

Singular	eu	min	comigo
	ti		contigo
	vostede		
	el		
	ela (elo)	si	
Plural		nós	
		nosoutros/as	connosco
		vós	
		vosoutros/as	convosco
	vostedes		
	eles elas	si	consigo

Táboa 2. Pronomes e adxectivos posesivos galegos

meu		meus	
miña		miñas	
teu	túa	teus	túas
seu	súa	seus	súas
noso		nosos	
nosa		nosas	
voso		vosos	
vosa		vosas	
seu	súa	seus	súa

O chamado reflexivo de 3ª persoa “se” é un tipo de referencia xeneralizada (Mederos, 1988: 64) que non se considera como referencial cando: 1) forma parte das chamadas pasivas reflexas; 2) impersoais (Alarcos, 1995: 206); e 2) é redundante co axente debido a que a mesma natureza do verbo é reflexiva, como é o caso dalgunhas formas verbais influenciadas con frecuencia polo castelán como: “marcharse”, “irse”, “learse”, “evaporarse”, “quedarse”, “queixarse”, “fixarse *en algo*”, “accidentarse”, “pelexarse”, “escaparse”, “levarse *mal/ben*”, “caerse”, “despedirse”, “amañarse” (por si só), etc. Só se computa como referencial no caso de que aclare o destinatario da acción (en función reflexiva ou recíproca). Utilizamos o código @ seguindo as posibilidades do CHAT para o posterior análise.

b) Referencia demostrativa (código empregado: 1@): inclúense os adxectivos e pronomes demostrativos e adverbios de lugar e modo (“aquí”, “alí”, “acó”, “alá”, “así”),

partículas como “tal” e “tanto” e os temporais “agora” e “entón” cando establezan unha correferencia concreta dentro da narración (táboas 3 e 4).

Táboa 3. Pronomes e adxectivos demostrativos galegos

este estes	esta estas	isto (esto)
ese eses	esa esas	iso (eso)
aquel aqueles	aquela aquelas	aquilo (aqueilo)

Táboa 4. Adverbios de lugar, tempo e modo

Adv. Lugar	Adv. Tempo	Adv. Modo
aquí	agora	así
acá	entón	tal
acó		tanto
aí		
alí		
alá		
aló		
Adv. Lugar		
acolá		

A función cohesiva endofórica do artigo non foi computada, pero si tida en conta cando, acompañando a outras partículas referenciais (i.e., pronomes indefinidos e numerais), restáballes protagonismo no establecemento desa relación cohesiva (ver referencia inespecífica).

c) Referencia comparativa (código empregado: 2@): inclúense as categorías de identidade, semellanza, desemeianza, comparativa e igualdade cando teñen un claro carácter cohesivo (táboa5).

Táboa 5. Comparativos

<b>Identidade</b> mesmo, idéntico, igual		
<b>Semellanza</b> semellante		
<b>Desemeianza</b> outro, diferente		
<b>Comparativo Superioridade</b> mellor que máis que maior que	<b>Comparativo Inferior.</b> peor.que menos.que menor que	<b>Comparativo Igualdade</b> tan.como igual que

A referencia comparativa establecida por medio do pronome ou adxectivo “*outro/a/s*” non foi considerada pola abundancia dun uso que non consideramos estrictamente referencial. Os individuos emprégano máis ben para indicar cambio de participante na acción, pero este cambio non adoita concretase ou non se corresponde co sentido de secuencialidade espacio-temporal da historia. O uso máis habitual é o da referencia á personaxes aparecidos en viñetas anteriores. En ocasións incluso se intenta combinar novidade e continuidade nunha mesma expresión coma no caso do seguinte exemplo:

Exemplo:

\*JFG: bueno aquí no primeiro cuadro numaro un aquí vexo unha parexa que vai cun cadelo paseando i un coche.

%act: vale non

\*JFG: e logo despois hai outra parella con **outro mismo** cadelo que ou lle están poñendo o collarou o van ceibar.

d) Referencia inespecífica (código empregado: 3@): en ocasións, os indefinidos e numerais asumen unha función claramente correferencial determinada polo contexto lingüístico, podendo presupoñer obxectos ou persoas introducidos no texto con anterioridade (Lyons, 1988: 592; Mederos, 1988: 159, 166).

Exemplo:

\*ASX: pois aquí parece ser que dous homes van co perro preso.

\*ASX: i entonces **un03@** non sei que lle fai ao perro.

Non se considerarán como referencia inespecífica aqueles numerais ou indefinidos que: 1) vaian precedidos por un artigo que os determine; e 2) vaian acompañando un pronome sobre o que recae o establecemento da presuposición referencial.

Exemplo:

\*CPT: hai un matrimonio cociñando.

\*CPT: **os dous** [: DDI] ou **un** [: DDI] **deles@** ten moita fame.

Ocupámonos de codificar, con relación a cada tipo de referencia, en que medida o destinatario da referencia podía ser interpretado con ou sen éxito. Con esta finalidade valorouse a claridade da referencia do seguinte xeito:

A) *Porcentaxe de referencia endofórica clara* (códigos usados: @, 1@, 2@ e 3@): cando pode ser facilmente identificado o antecedente ou consecuente presuposto pola partícula referencial.

B) *Porcentaxe de referencia endofórica ambigua* (códigos usados: 0@, 01@, 02@ e 03@): cando o destinatario da referencia non está suficientemente claro e polo tanto non se

atina de xeito inequívoco co antecedente ou consecuente. Isto pode ser debido: 1) a que non emprega axeitadamente a partícula referencial con relación á saliencia ou distancia do antecedente ou consecuente no devir discursivo e, polo tanto, existen dúbidas á hora de determinar a cal dos posibles candidatos se refire; 2) porque se establece correferencia cun elemento que xa foi desprazado por outros introducidos posteriormente a el; 3) existe unha correferencia clara pero non se precisa o antecedente concreto dentro dun grupo ou colectivo; 4) é ambigua porque hai dous referentes igual de salientes e non é posible determinar cal deles é o antecedente ou consecuente.

C) *Partículas referenciais sen antecedente ou consecuente* (códigos usados: [: DDD] e [: DDDI]): comprende as partículas referenciais persoais e numerais cardinais que emprega o individuo ó longo da narración (principalmente no inicio) pero que carecen dun antecedente ou consecuente, o que lles imprime un carácter referencial exofórico.

D) *Correferencia con partículas referenciais con antecedentes ou consecuentes ambiguos ou descoñecidos*: foron computadas as partículas que establecen vínculos correferenciais con outras partículas referenciais cuns antecedentes ou consecuentes que son ambiguos ou se descoñecen. Isto permítenos comprobar se o individuo mantén a confusión nas cadeas correferenciais sobre o antecedente ou consecuente, ou o introduce posteriormente para eliminar eses problemas referenciais. Dentro deste grupo distinguimos dous tipos de marcas:

D1) *Porcentaxe de correferencia con partículas referenciais con antecedente ou consecuente ambiguo* (códigos usados: x@, x1@, x2@ e x3@): partículas claramente correferenciais con outra/s partícula/s referencial/is que carece/n dun antecedente ou consecuente claro no discurso.

D2) *Porcentaxe de correferencia con partículas referenciais sen antecedente ou consecuente* (códigos usados: 0x@, 0x1@, 0x2@ e 0x3@): partículas claramente correferenciais con outra/s partícula/s referencial/is que carecen de antecedente ou consecuente no discurso.

Calculáronse os índices Kappa de acordo entre dous codificadores sobre un 15% dos rexistros elixidos ó chou, obténdose un 86% de acordo ( $p < ,0001$ ) que, segundo Fleiss (1981), é un índice *excelente*.

### 3. RESULTADOS

As variables de referencia cohesiva foron sometidas a un ANOVA dun factor (idade) (SPSS, versión 8.0) coa finalidade de determinar que variables amosaban modificacións significativas con respecto dos distintos grupos de idade. Ademáis aplicouse a **proba da diferenza honestamente significativa de Tukey** que, por medio da comparación dous a

dous das medias dos grupos de idade, determinará entre que cales se observan esas diferencias significativas (ver táboa 6).

Desestimamos, para este análise, aquelas que non cumprisen cos requisitos de normalidade, independencia e homocedasticidade. As variables descartadas por este procedemento foron as seguintes: *porcentaxe de correferencia con partículas referenciais sen antecedente ou consecuente*, *porcentaxe de correferencia con partículas referenciais con antecedente ou consecuente ambiguo*. Sen embargo estas puideron incluírse nunha variable aglutinadora que si cumpría con estes supostos (i.e., *claridade global da referencia endofórica*).

As variables resultantes foron:

- 1ª) *Proporción de uso de referencia endofórica*: é unha medida que da conta da proporción de elementos referenciais endofóricos (persoais, comparativos e demostrativos), por número total de palabras.
- 2ª) *Porcentaxe de referencia endofórica clara*: porcentaxe de elementos referenciais endofóricos con antecedentes que poden ser facilmente identificados, sobre a proporción total de referencia endofórica.
- 3ª) *Porcentaxe de referencia endofórica ambigua*: determina a porcentaxe de referencia establecida con antecedentes que no están suficientemente claros, sobre a proporción total de referencia endofórica.
- 4ª) *Proporción de partículas referenciais sen antecedente ou consecuente*: número de partículas referenciais persoais e numerais cardinais que que carecen dun antecedente ou consecuente por número total de palabras.
- 5ª) *Claridade global de referencia endofórica*: é unha variable aglutinadora que trata de recoller o efecto global de varias variables que illadamente carecen de suficiente representatividade dentro do discurso dos suxeitos da mostra. Esta categoría é o resultado de, por una parte, sumar as variables que recollen as porcentaxes de fracasos no establecemento ou mantemento secuencial da relación referencial co antecedente ou consecuente (i.e. *porcentaxe de referencia endofórica ambigua*, *porcentaxe de correferencia con partículas referenciais con antecedente ambiguo* e *porcentaxe de correferencia con partículas referenciais sen antecedente*) e por outra, de restar esta suma á *porcentaxe de referencia endofórica clara*.

Táboa 6. ANOVA dun factor (idade) e contraste *a posteriori* para as variables referenciais

VARIABLES REFERENCIAIS	F (g.l. 3, 76)	Sig.	Diferencias de medias	Sig.	Tukey
<i>proporción de partículas referenciais sen antecedente ou consecuente</i>	4.829	0.004	-0.0072 -0.0064	0.013 0.035	1*4 (p < .05) 1*3 (p < .05)
<i>proporción de uso de referencia endofórica</i>	3.467	0.020	0.0201 0.0194	0.036 0.044	1*4 (p < .05) 2*4 (p < .05)
<i>porcentaxe de referencia endofórica clara</i>	6.549	0.001	25.878 22.121	0.001 0.006	1*4 (p < .05) 2*4 (p < .05)
<i>porcentaxe de referencia endofórica ambigua</i>	5.189	0.003	-8.167 -6.641	0.002 0.019	1*4 (p < .05) 2*4 (p < .05)
<i>claridade global da referencia endofórica</i>	8.913	0.001	49.935 40.847 32.851	0.0001 0.002 0.016	1*4 (p < .05) 2*4 (p < .05) 1*3 (p < .05)

Como se pode observar (ver táboa 6), as diferencias significativamente maiores en frecuencia e potencia danse en tódalas variables cohesivas primeiro entre os grupos de idade 1 (40-50 anos) e 4 (71-91 anos); despois entre os grupos 2 (51-60 anos) e 4 (71-91 anos) e entre os grupos 1 (40-50 anos) e 3 (61-70 anos). Estes resultados, atendendo ós niveis de significación e valores e signos das diferencias das medias, parecen reflectir unha tendencia evolutiva das diferencias de natureza gradual que se fai máis evidente na década dos 60 anos e se agrava a partir da dos 70. As diferencias significativas máis avultadas obtéñense na variable aglutinadora *claridade global da referencia endofórica*. Por isto, debemos considerar acertada a decisión de construír un índice global de claridade referencial que recolla as posibles anomalías no establecemento e mantemento da cohesión referencial das narracións.

As tendencias nas variables narrativas consideradas son as seguintes:

*Proporción de partículas referenciais sen antecedente ou consecuente*: os individuos a partir dos 60 e especialmente dos 70 anos (F (g.l. 3, 76)=4.829; p < .004) presentan maior abundancia de partículas referenciais que carecen dun antecedente ou consecuente ó que referirse que os adultos de menor idade.

*Proporción de uso de referencia endofórica*: os suxeitos con idades comprendidas dentro da década dos 50 anos e, especialmente, da década dos 40 (F (g.l. 3, 76)=3.467; p < .020), empregan con maior frecuencia a referencia como mecanismo para cohesionar as súas historias cós maiores de 70 anos.

*Porcentaxe de referencia endofórica clara*: os suxeitos pertencentes á década dos 50 anos e, especialmente, á dos 40 (F (g.l. 3, 76)=6.549; p < .001), presentan maior claridade no establecemento da referencia polo que o destino dos vínculos referenciais pode determinarse con máis facilidade e menos equívocos que nos de máis de 70 anos.

*Porcentaxe de referencia endofórica ambigua*: os suxeitos pertencentes á década dos 50 anos e, especialmente, á dos 40 (F (g.l. 3, 76)=5.189; p < .003), presentan menor ambigüidade no establecemento da referencia polo que o destino dos vínculos referenciais pode determinarse con máis facilidade e menos equívocos que nos de máis de 70 anos.

*Claridade global da referencia endofórica:* os suxeitos de máis de 70 anos ( $F(g.l. 3, 76)=8.913; p < .001$ ), presentan menor claridade no establecemento da referencia pero tamén no mantemento da mesma que os pertencentes á década dos 40 e dos 50 anos, por esta orde. Os suxeitos máis novos (40-50 anos) tamén superan significativamente na claridade do establecemento e mantemento da referencia ó da década dos 60 anos. Estes resultados indican que o destino dos vínculos referencias pode determinarse con máis facilidade e menos equívocos nos de menor idade non só a primeira vez que se conecta a partícula co antecedente ou consecvente senón tamén no mantemento destes lazos ó longo das cadeas correferencias.

#### 4. DISCUSIÓN

A idade provocou diferencias significativas en tódalas medidas de referencia endofórica empregadas. As relacións referenciais a partir dos 60 anos difiren na frecuencia de uso, pero tamén no que se refire á claridade coa que se establece e mantén ó longo das cadeas correferenciais. En contra dos resultados obtidos por Glosser e Deser (1992), os deste estudio en coincidencia con outros (experimento 3, Cohen, 1979; Morrow, Leirer e Altieri, 1992; Pratt, Boyes, Robins e Manchester, 1989; Ulatowska, Cannito, Hayashi e Fleming, 1985) informan que existen diferencias de idade tanto na cantidade como na claridade e complexidade das relacións referenciais, aínda cando a tarefa non esixe o recordo de información.

Malia que neste estudio só se computa a referencia de entre os diversos tipo de lazos cohesivos, os anciáns non semellan ter maior predilección por outros vínculos cohesivos alternativos á referencia. Algúns estudos que analizaron o uso da referencia en xoves e anciáns concluíron que, a medida que se incrementa a idade e o nivel de complexidade da tarefa, os anciáns incrementan a cantidade de referencia usada, a costa doutros mecanismos de cohesión como, por exemplo, o léxico (Cooper, 1990; Pratt, Boyes, Robins e Manchester, 1989; Ulatowska, Cannito, Hayashi e Fleming, 1985: 134). Polo tanto, cremos que as diferencias na proporción de referencia cohesiva empregada poden interpretarse (Tolmin, Forrest, Ming Pu e Hee Kim, 1997: 80-81; Gernsbacher, 1997) como deficiencias no grao de cohesionamento das historias que contan os anciáns con respecto dos adultos de mediana idade.

Os nosos resultados non só indican unha menor presenza destas relacións cohesivas nas historias dos anciáns, senón maiores problemas no establecemento e mantemento claro das relacións correferenciais que non poden achacarse á necesidade de recordar o input (Morrow, Altieri e Leirer, 1992). Á vista destes resultados e considerando que a referencia constitúe un dos mecanismos máis importantes para a construción da cohesión do discurso narrativo (Ulatowska, Cannito, Hayashi e Fleming, 1985: 129-130), pódese afirmar que os nosos resultados reflicten un descenso do nivel de cohesión a medida que se incrementa a idade.

Segundo os nosos resultados, os anciáns non só foron máis propensos a establecer de xeito ambiguo a referencia cohesiva, senon que parecían ser menos conscientes disto e mantiñan, en maior medida que os xoves, esa ambigüidade ó longo das cadeas correferenciais. Este resultado, xunto coa existencia dun maior número de partículas referencias sen antecedente nas historias dos suxeitos de maior idade, sinala a existencia de diferencias na organización referencial e na monitorización lingüística da produción xa que non existe consciencia por parte do falante de que o interlocutor non dispón da información referida ou antecedente. Sería de interese averiguar se estes resultados reflicten usos exofóricos de mecanismos endofóricos asociados ó incremento da idade, alomenos ante metodoloxías de elicitación como a empregada neste estudio.

A verificación noutros estudos (Morrow, Leirer, Altieri e Fitzsimmons, 1994; Morrow, Stine-Morrow, Leirer, Andrassy e Kahn, 1997) das dificultades cognitivas dos anciáns para o establecemento axeitado dun modelo de situación no que se poida organizar a historia representada pode ser a causa que explique estes resultados ante unha tarefa tan sinxela que si ben impón certas restriccións temáticas non apela á necesidade de recordar información. Estas dificultades afectan ó establecemento da coherencia global ou temática, e tamén poden entorpecer o establecemento local das relacións referenciais (Morrow, Altieri e Leirer, 1992), xa que, tal e como postulan Halliday e Hasan (1976: 31-32), a referencia é un mecanismo cohesivo de carácter eminentemente semántico.

Creemos que o deterioro cognitivo dos anciáns pode provocar dificultades para organizar temática e referencialmente a súa produción e incidir negativamente na cantidade e claridade das relacións referenciais que se establecen e manteñen nas súas historias.

## BIBLIOGRAFÍA

- Adams, C., Labouvie-Vief, G., Hobart, C. J. e Dorosz, M. (1990): "Adult age group differences in story recall style". *Journal of Gerontology: Psychological Sciences*, 45, 1, pp. 17-27.
- Alarcos Lorach, E. (1994): *Gramática de la Lengua Española*. Madrid: Real Academia Española.
- Bamberg, M. (1986): "A functional approach to the acquisition of anaphoric relationships". *Linguistics* 24, pp. 227-284.
- Berman, R. A. e Slobin, D. I. (1994a): "Diferent ways of relating events: Introduction to the study". En R. A. Berman e D. I. Slobin (Eds.), *Relatings Events in Narrative. A Crosslinguistic Study* (pp. 1-16). Hillsdale, New Jersey: Lawrence Erlbaum Associates, Publishers.
- Berman, R. A. e Slobin, D. I. (1994b): "Research goals and procedures". En R. A. Berman e D. I. Slobin (Eds.), *Relatings Events in Narrative. A Crosslinguistic Study* (pp. 17-35). Hillsdale, New Jersey: Lawrence Erlbaum Associates, Publishers.

- Berman, R. A. e Slobin, D. I. (1994c): "Narrative structure". En R. A. Berman e D. I. Slobin (Eds.), *Relatings Events in Narrative. A Crosslinguistic Study* (pp. 39-84). Hillsdale, New Jersey: Lawrence Erlbaum Associates, Publishers.
- Cohen, G. (1979): "Language comprehension in old age". *Cognitive Psychology*, 11, 412-429.
- Cooper, P. V. (1990): "Discourse production and normal aging: Performance on oral picture description tasks". *Journal of Gerontology: Psychological Sciences*, 45, 5, pp. 210-214.
- Fleiss, J. L. (1981): *Statistical Methods for Rates and Proportions*. New York: Wiley.
- Fuentes, C. (1987). *Enlaces Extraoracionales*. Sevilla: Ediciones Alfar.
- Fuentes, C. (1996). *La Sintaxis de los Relacionantes Supraoracionales*. Madrid: Cuadernos de Lengua Española.
- García Soto, X. R. (1993): *Evolución da Cohesión nos Relatos Infantís*. Tese de Doutoramento sen publicar. Universidade de Santiago de Compostela.
- Gernsbacher, M. A. (1997): "Coherence cues mapping during comprehension". En J. Costermans e M. Fayol (Eds.), *Processing Interclausal Relationships. Studies in the Production and Comprehension of Text* (pp. 3-21). New Jersey: Lawrence Erlbaum Associates, Inc.
- Gili Gaya, S. (1961): *Curso Superior de Sintaxis Española*. Barcelona: Bibliograf.
- Glosser, G. (1990): "Patterns of discourse production among neurological patients with fluent language disorders". *Brain and Language*, 40, pp. 67-88.
- Glosser, G. e Deser, T. (1992): "A comparison of changes in macrolinguistic and microlinguistic aspects of discourse production in normal aging". *Journal of Gerontology: Psychological Sciences*, 47, 4, pp. 266-272.
- Halliday, M. A. K. e Hasan, R. (1976): *Cohesion in English*. London: Longman General Ed.
- Hasher, L. e Zacks, R. T. (1988): "Working memory, comprensión, and aging: a review and a new view. En G.H. Bower (ed.), *The Psychology of Learning and Motivation* (pp. 193-225). New York: Academic Press.
- Johnson-Laird, P. N. (1983): *Mental Models: Towards a Cognitive Science of Language, Inference, and Consciousness*. Cambridge: Harvard University Press.
- Juncos, O. (1996): "Narrative speech in the elderly. Effects of age and education on telling stories". *International Journal of Behavioral Development*. 19 (3), pp. 669-685.
- Juncos, O. e Pereiro, A. X. (1998): "Lenguaje narrativo". En O.Juncos (Comp.), *Lenguaje y Envejecimiento. Bases para la Intervención* (pp. 47-72). Barcelona: Masson.
- Kahn, H. J. e Cordon, D. (1993): "Qualitative differences in working memory and discourse comprehension in normal aging". En H. H. Brownell e Y. Joanette (Eds.), *Narrative Discourse in Neurologically Impaired and Normal Aging Adults* (pp. 104-114). San Diego, CA: Singular.

- Karmiloff-Smith, A. (1985): "Language and cognitive processes from a developmental perspective". *Language and Cognitive Processes I*, pp. 61-85.
- Levelt, W. J. M. (1989): *Speaking: From Intention to Articulation*. London: Bradford Book, Massachusetts Inst. of Technology.
- Light, L. L. e Capps, J. L. (1986): "Comprehension of pronouns in young and older adults". *Developmental Psychology*, 22, pp. 580-585.
- Lyons, J. (1980): *Semántica*. Barcelona: Ed. Teide S.A.
- MacWhinney, B. (1991): *The Childes Project*. Hillsdale, New Jersey: Lawrence Erlbaum Associates, Publishers.
- Mandler, J. M. (1982): "Recent research on story grammars". En J. F. Le Ny e W. Kintsch (Eds.), *Language and Comprehension* (pp. 207-218). Amsterdam: North-Holland Publishing Company.
- McCabe, A. e Peterson, C. (1984): "What makes a good story?". *Journal of Psycholinguistic Research*, 13, 6, pp. 457-480.
- McDaniel, M. A.; Blischak, D. e Einstein, G. O. (1995): "Understanding the special mnemonic characteristics of fairy tales". En Ch. A. III Weaver, S. Mannes, e Ch. R. Fletcher (Eds.), *Discourse Comprehension: Essays in Honor of Walter Kintsch* (pp. 157-175). Hillsdale, New Jersey: Lawrence Erlbaum Associates, Publishers.
- Mederos Martín, H. (1988): *Procedimientos de Cohesión en el Español Actual*. Tenerife: Act. Excmo. Cabildo Insular de Tenerife.
- Morrow, D., Altieri, P. e Leirer, V. (1992): "Aging, narrative organization, presentation mode, and referent choice strategies". *Experimental Aging Research*, 18, 2, pp. 75-84.
- Morrow, D., Leirer, V. O. e Altieri P. (1992): "Aging, expertise, and narrative processing". *Psychology and Aging*, 7, 3, pp. 376-388.
- Morrow, D., Leirer, V. O., Altieri P. e Fitzsimmons, C. (1994): "When expertise reduces age differences in performance". *Psychology and Aging*, 9, 1, pp. 134-148.
- Morrow, D., Stine-Morrow, E. A. L., Leirer, V. O., Andrassy, J. M. e Kahn, J. (1997): "The role of reader age and focus of attention in creating situation models from narratives". *Journal of Gerontology: Psychological Sciences*, 52B, 2, pp. 73-80.
- Obler, L. K., Au, R., Kugler, J., Melvold, J., Tocco, M. e Albert, M. L. (1994): "Intersubject variability in adult normal discourse". En R. L. Bloom, L. K. Obler, S. DeSanti e J. S. Ehrlich (Eds.), *Discourse Analysis and Applications: Studies in Adult Clinical Populations* (pp. 15-27). Hillsdale: New Jersey: Lawrence Erlbaum Associates, Publishers.
- Ochs, E. (1997): "Narrative". En T. A. Van Dijk (Ed.), *Discourse as Structure and Process. Discourse Studies: A Multidisciplinary Introduction, Vol. 1* (pp. 185-207). London: SAGE publications, Ltd.

- Paradis, M. (1987): *The Assessment of Bilingual Aphasia*. Hillsdale: Lawrence Erlbaum Associates, Publishers.
- Pereiro Rozas, A. X. (no prelo): *Capacidade Narrativa na Vellez. Factores de Procesamento*. Tese de Doutoramento publicada pola USC (Cdrom). Universidade de Santiago de Compostela.
- Pratt, M. W., Boyes, C., Robins, S. e Manchester, J. (1989): "Telling tales: Aging, working memory, and the narrative cohesion of story retellings". *Developmental Psychology*, 25, pp. 628-635.
- Rumelhart, D. E. (1975): "Notes on a schema for stories". En D. G. Robrow e A. M. Collins (Eds.), *Representation and Understanding: Studies in Cognitive Science* (pp. 211-236). New York: Academic Press, Inc.
- Rumelhart, D. E. e Ortony, A. (1982): "La representación del conocimiento en la memoria". *Infancia y Aprendizaje*, 19-20, pp. 115-158.
- Salthouse, T. (1991): *Theoretical Perspective on Cognitive Aging*. Hilldale, N.J.: LEA.
- Schank, R. e Abelson, R. (1977): *Scripts, Plans, Goals, and Understanding: An Enquiry into Human Knowledge Structures*. Hillsdale, New Jersey: Lawrence Erlbaum Associates, Publishers.
- Shapiro, L.R. e Hudson, J.A. (1991): "Tell me a make-believe story: coherence and cohesion in young children's picture-elicited narratives". *Developmental Psychology*, 27, 6, pp. 960-974.
- Ska, B. e Joannette, Y. (1996): "Discourse in older adults: Influence of text, task, and participant characteristics". *Journal of Speech-Language Pathology and Audiology*, 20, 2, pp. 101-108.
- Stine, E. A. L. (1990): "On-line processing of written text by younger and older adults". *Psychology and Aging*, 5, 1, pp. 68-78.
- Tomlin, R. S., Forrest, L., Pu, M. M. e Kim, M. H. (1997): "Discourse semantics". En T. A. Van Dijk (Ed.), *Discourse as Structure and Process. Discourse Studies: A Multidisciplinary Introduction, Vol 1* (pp. 63-111). London: Sage Publications, Inc.
- Tun, P. A. (1989): "Age differences in processing expository and narrative text". *Journal of Gerontology: Psychological Sciences*, 44, 1, pp. 9-15.
- Ulatowska, H. K., Cannito, M. P., Hayashi, M. M. e Fleming, S. G. (1985): "Language abilities in the elderly". En H. K. Ulatowska (Ed.), *The Aging Brain: Communication in the Elderly* (pp. 125-139). Boston: College Hill.
- Van den Broek, P. (1994): "Comprehension and memory of narrative texts. Inferences and coherence". En M. A. Gernsbacher (Ed.), *Handbook of Psycholinguistics* (pp. 539-588). San Diego, California: Academic Press, Inc.
- Van Dijk, T. A. e Kintsch, W. (1983): *Strategies of Discourse Comprehension*. Orlando: Academic Press, Inc.

Warden, D. (1976): "The influence of context on children's use of identifying expressions and references". *British Journal of Psychology* 67, pp. 101-112.

Zheler, A. e Brewer, W. (1982): "Sequence and principles in article system use". *Child Development* 53, pp. 1268-1274.

## ANEXO I

### EXEMPLIFICACIÓN DA CODIFICACIÓN DE REFERENCIA ENDOFÓRICA

@Begin	%act: non sei
@Participants: CVX Celia Target_Child, AXP Investigator	CVX: o terceiro, debérona@ comer toda os paxaros <b>estes</b> [: <b>D</b> ]*.
@Age of CVX: 65;0.0	%syn: ET.
@Birth of CVX: 20-SET-1931	*CVX: e o <b>outro</b> [: <b>DDD</b> ] quédase pensativo.
@Coding: CHAT 1.0	%syn: A.
@Coder: AXP	*CVX: a cuarta <debeu coller> [/] caeu pa(ra) o suelo.
@Sex of CVX: female	%syn: ET.
@ID: 014c=CVX	*CVX: está espatarra(d)no no suelo.
@Date: 3-SET-1996	*CVX: o quinto lévano [: <b>DDD</b> ] nunha camilla <p(a)ra> [/] pa(ra) unha ambulancia.
@Location: centro médico	%syn: ET.
*CVX: bueno, na primeira, teñen un cesto.	*CVX: e o sexto xa debe estar na residencia.
*CVX: estalle [: <b>DDD</b> ] indicando que lle [: <b>DDD</b> ] comen a fruta que teñen collida nun cesto.	%syn: A+ET.
*CVX: na segunda o +//.	%act: polo que entendo aquí
*CVX: +, colleu de riba pa(ra) quitarlle0x@la@	%syn: DE.
%syn: ET.	
*CVX: pero debaixo non intenta collela@ siquiera.	* Marca de défctico
%syn: AD+ET.	